



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 19 de outubro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Carlos López Font

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 2b, 3a, 5b, 6b, 7a, 8a e 9a)  
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 2b, 3a e 8a)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 5a e 6a)  
D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 2a e 4a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na **orde do día**:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 13 de outubro de 2016**

Apróbese a acta da sesión do 13 de outubro de 2016 cos votos de D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

**2.- Apertura da documentación administrativa**

**a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)**

Abriuse o sobre A “Documentación persoal” do único licitador presentado. Tras a cualificación deste documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión acorda admitir inicialmente neste procedemento a VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, SL (VEICAR), por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 1 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)**

Retírase este asunto por non terse recibido todas as ofertas indicadas no certificado expedido polo Rexistro Xeral.

**3.- Apertura da documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da avenida das Camelias, entre a rúa Doutor Marañón e a rúa Juan Ramón Jiménez (3969-440)**

Retírase este asunto ao terse retirado o asunto do punto 2b.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento negociado para a contratación do subministro de accesorios complementarios dos equipos portátiles de comunicación SEPURA (49.533-212)**

En acto público abriuse o Sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor e proposición avaliable mediante fórmula” da única oferta presentada e admitida co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO
VEHÍCULOS, EQUIPAMENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L.	25.228,50 euros

Non asiste público á sesión.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

**5.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)**

Retírase este asunto da orde do día.

**b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Entrégase o informe do xefe da Área de Investimentos do Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do 11 de outubro de 2016.

O xefe da Área, presente na sesión, e logo de ser preguntado polos membros da Mesa, explica o contido do informe, concretamente onde di *“Polo exposto, tendo en conta que a oferta realizada pola mercantil OSCAR GUIMARANS RODRIGUEZ, indica para os prazos “urxentes” dúas alternativas, o cal non posibilita a aplicación da fórmula, procedese a non admitir a oferta para os apartados mencionados, e polo tanto non será de aplicación a fórmula nos apartados redución do prazo de entrega “urxentes”, quedando como consecuencia puntuada con “cero puntos”; aclarando que en lugar de “dúas alternativas” o que ofrece a empresa é un intervalo cuns prazos mínimo e máximo que imposibilitan a aplicación da fórmula.*

### **6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)**

Non se trata por terse retirado o asunto do punto 5a da orde do día.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333)**

Acéptase o informe do xefe da Área de Investimentos do Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” do 11 de outubro de 2016 coa aclaración feita polo xefe da Área no punto 5b desta sesión.

### **7.- Propostas de clasificación**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333) (informe sobre C e proposta de clasificación)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EUROCEBRIÁN, SL por non ter presentado un novo sobre C durante o prazo concedido a todos os licitadores que concorreron a esta licitación a través da notificación de data 20 de setembro de 2016 (rexistro de saída número 23.758).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 3 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de medallas e trofeos para o desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito do programa “Calendario de eventos deportivos” (14972-333) na seguinte orde descendente:

### LOTE Nº 1 MEDALLAS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	<b>94,08</b>
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL - PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	<b>65,86</b>
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL.	<b>39,20</b>
4	OSAR GUIMARANS RODRIGUEZ	<b>7,71</b>

### LOTE Nº 2 TROFEOS

	Empresas	Puntuación
1	CARLOS FERNANDEZ POL	<b>97,75</b>
2	UTE PREMIUM EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SL - PEDRO FULGENCIO DOLERA ROBLES	<b>76,81</b>
3	SPORT MARTINEZ VILA, SL.	<b>65,18</b>
4	OSCAR GUIMARANS RODRIGUEZ	<b>34,67</b>

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes (lote nº 1: trofeos e lote nº 2: medallas), CARLOS FERNANDEZ POL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.132,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### 8.- Propostas de adxudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros. Fase II (3893-440)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo, que rectifica o adoptado na sesión do 7 de outubro:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro.-** Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación o 14 de setembro de 2016 do licitador NEXIA INFRAESTRUCTURAS por incorporar no sobre B documentos acreditativos dos criterios que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 8B das FEC, tal como sinala a cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares.*

***Segundo.-** Excluir ás empresas que se relacionan a continuación, por non ter presentado documentación ningunha durante o prazo concedido para xustificar a valoración das súas ofertas e precisar as súas condicións (artigo 152 do TRLCSP):*

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. MONTAJES J M IGLESIAS, SL
5. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
6. CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS, SL
7. NAROM, SL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Terceiro.-** Excluir ás empresas que deseguido se relacionan, por estimar que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, segundo os informes asinados polo enxeñeiro municipal de Camiños, Canais e Portos de data 3 de outubro de 2016:

1. ORESA, SL
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU
3. COPCISA, SA
4. CONSTRUCCIONES VALE, SL

**Cuarto.-** Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	<i>Empresas</i>	<b>Puntuación</b>
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	<b>82,09</b>
2	CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	<b>78,95</b>
3	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL	<b>77,53</b>
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	<b>76,92</b>
5	CIVIS GLOBAL, SLU	<b>75,82</b>
6	ELSAMEX, S A	<b>70,83</b>
7	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS	<b>68,94</b>
8	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	<b>56,30</b>
9	SESTRAMA-09, SL	<b>48,61</b>
10	GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	<b>19,38</b>

**Quinto.-** Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel NO que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Sexto.-** Requirit ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o día 11 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro, dentro do prazo sinalado.

**Terceiro.-** A Mesa de contratación na sesión do 19 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliable mediante xuízo de valor e mediante fórmula do 8 de setembro e do 3 de outubro de 2016, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Ferreiros - Fase II coas seguintes condicións:*

- O prezo total do contrato é de 124.585,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.622,31 euros.
- O prazo de garantía increméntase en 88 meses, polo que o prazo total é de 100 meses.
- Comprométese a executar as seguintes melloras:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Obra civil rede eléctrica soterrada para futura instalación de control de acceso ao barrio de Bouzas
- Obra civil previsión rede de telecomunicacións municipais

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## 9.- Incidencias

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333)

Entrégase aos membros da Mesa o recurso de alzada interposto por LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL. o 17 de outubro de 2016 contra a exclusión neste procedemento, que resolverá o Servizo de Contratación.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 19 de outubro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación

Carlos López Font



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 23:05	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AF46-E8CD3H-D3DB3A-CU57V8-CSYRGP-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		